

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Edicto de aprobación definitiva da Ordenanza fiscal da taxa por visitas a museos, exposicións e outros centros análogos

EDICTO

Aprobada definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por visitas a museos, exposicións e outros centros análogos mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2016, faise público o texto integro da mesma a efectos do disposto no Artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo :

Artigo 1.–Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e ao amparo do disposto nos artigos 57 e 20 da mesma lei, este Concello establece a “Taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos históricos ou artísticos e outros centros ou lugares análogos”, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.–Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a entrada ou visita aos recintos de titularidade municipal (ben sexan propios, de cesión gratuita ou resultantes de convenios de colaboración) nos termos especificados nas tarifas desta Ordenanza.

2. Non están suxeitos ao pago da taxa os actos promovidos ou patrocinados polo Concello de Fisterra, as visitas resultantes de intercambios ou convenios con outras institucións que se rexirán polo respectivo convenio, as visitas de centros escolares con fin didáctico ou cultural e a entrada de menores de quince anos.

Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos que constitúen o feito imponible da taxa.

Artigo 4.–Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.–Beneficios fiscais.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

Artigo 6.–Cota tributaria.

A contía desta taxa será a establecida na seguinte tarifa:

Conceptos Importe euros

I. Museo da pesca

Por visita persoal 2 €

Por visita de persoal titular do Carné Xove Euro > 16 1 €

Por visita de grupos por cada integrante 1 €

II. Salas de exposicións e outros

Por visita de persoal 2 €

Por visita de persoal titular do Carné Xove Euro > 16 1 €

Por visita de grupos por cada integrante 1 €

A efectos de grupos entenderase un número de 10 persoas con cita previa.

Artigo 7.-Obriga de pago.

1. A obriga de pago da taxa nace desde o momento en que se preste ou realice calquera dos servicios ou actividades ós que se refire esta Ordenanza.

2. O pago da taxa terá lugar por ingreso directo no momento de entrar aos recintos a que se refire a presente Ordenanza.

Artigo 8.-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor a partir do día seguinte ó que sexa publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia.

Fisterra, a 9 de xaneiro de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Marcote Suárez

2017/159